



GRAO EN QUÍMICA
INFORME DE COORDINACIÓN
– CURSO 2021/2022 –

Validación Comisión de Garantía de Calidade: 19-04-2023

Informe de accións de coordinación

Índice

I. Información xeral	2
II. Coordinación.....	2
III. Accións de coordinación.....	2
IV. Conclusións	10

I. INFORMACIÓN GENERAL

Denominación do título	GRAO EN QUÍMICA
Centro(s) onde se imparte o título	FACULDADE DE QUÍMICA
Títulos interuniversitarios, universidade coordinadora e universidade(s) participante(s)	
Curso de implantación	2019-2020

II. COORDINACIÓN

Coordinación de títulos	ANGELES PEÑA GALLEGO (Coordinadora do Grao)
Equipo coordinador do curso(se procede)	PEDRO BESADA PEREIRA (Coordinador de 1º Curso)
	VANESA ROMERO RIVAS (Coordinadora de 2º Curso)
	SONIA LOSADA BARREIRO (Coordinadora de 3º Curso)
	PAULO PÉREZ LOURIDO (Coordinador de 4º Curso)
	ANGELES PEÑA GALLEGO (Coordinadora Materia Traballo Fin de Grado)
	MERCEDES GARCÍA BUGARÍN e ANGELES PEÑA GALLEGO (Coordinadoras Prácticas Externas)

III. ACCIÓNS DE COORDINACIÓN

A organización da coordinación do Grao en Química na Facultade de Química está regulada de forma interna a través da [Normativa de Xestión Académica de Estudos de Grao da Facultade de Química](#), na que se establece un marco xeral para desenvolver diferentes tarefas de coordinación como as que se indican a continuación.

3.1. Reunións

No curso 2021/2022 leváronse a cabo os seguintes tipos de reunións relacionados coas tarefas de coordinación do Grao en Química:

3.1.1. Reunións de coordinación de curso:

Ao longo do curso académico, os coordinadores de cada un dos cursos do Grao convocaron varias reunións cos coordinadores das materias para tratar sobre distintos aspectos do desenvolvemento do curso. Os principais obxectivos destas reunións foron a planificación dos horarios, a revisión dos contidos das materias e a análise do cumprimento dos obxectivos e adquisición de competencias incluídos nas Guías Docentes, a valoración dos resultados académicos do primeiro e segundo cuadrimestre e o tratamento das incidencias que os estudantes expoñen a través do Plan de Acción Titorial (PAT) ou directamente ao Decanato da Facultade. Ao final do curso académico, os coordinadores de curso recolleron os aspectos máis relevantes das estas reunións en informes de coordinación que se empregan para elaborar este documento.

Este curso remata a implantación do novo plan de estudos para o Grao en Química. Elo implica que estas reunións de coordinación son especialmente importantes para as materias do cuarto curso. Débese indicar que este cuarto curso caracterízase por un elevado número de materias optativas, o que complica os horarios para que a elección do alumnado non se vexa condicionada.

Tamén cumpre sinalar que debido as consecuencias das circunstancias sanitarias do curso 2019/20 tivemos que prestar especial atención ás posibles carencias formativas do alumnado.

Algúns dos temas que se trataron nestas reunións para o curso académico 2021/2022 poden agruparse nos seguintes apartados:

a) Revisión da planificación do Grao en Química: Un dos principais obxectivos das reunións de coordinación é analizar a planificación dos distintos cursos do Grao e proporcionar información á coordinadora do Grao e ó equipo decanal sobre o seu funcionamento para implantar os cambios ou melloras que se consideren convenientes no curso actual e/ou en cursos posteriores.

Un dos temas habituais nas reunións de coordinación de todos os cursos é a harmonización da carga de traballo e o número de probas de avaliación que deben realizar os estudantes co que se pretende que o esforzo dos estudantes sexa constante e asumible durante todo o seu percorrido académico. Neste sentido, no curso 2021/2022 mantivéronse os límites establecidos no curso anterior ao número de probas que se poden

realizar por encima das horas de docencia presenciais das materias. Insistiuse no emprego dun calendario de tarefas para que o profesorado de todas as materias sexa consciente da carga de traballo que en cada momento do curso teñen os estudantes.

b) Elaboración dos horarios do curso 2022/2023: Como complemento ás reunións nas que se analizou a planificación, en todos os cursos celebráronse reunións de coordinación específicas nas que se debateron e revisaron as propostas de horarios presentadas polo equipo decanal do centro para o vindeiro curso 2022/2023.

Neste punto, hai que destacar que, dada a boa acollida que tivo no alumnado o horario de mañá plantexado para o curso 2021/22 permitindo que os estudantes planifiquen outras actividades como poden ser a asistencia a clases de idiomas, propúxose un horario en todos os cursos no que as tardes non tiñan actividade docente con mínimas excepcións en materias optativas do cuarto curso. Por último, tentouse dispor de horas libres que permitan introducir actividades adicionais que tamén levan a cabo os estudantes como as reunións do PAT e conferencias divulgativas ou de información sobre saídas profesionais.

Como en cursos anteriores, tívose especial coidado en establecer as datas das probas curtas en semanas nas que non se imparten clases prácticas para evitar sobrecargas no traballo dos estudantes e facilitar que asistan ao resto de actividades docentes. Con relación a este punto débese indicar que se observou unha baixada de asistencia do alumnado as actividades docentes non obrigatorias nas semanas en que teñen algunha proba. Considérase que sería interesante buscar unha fórmula que minimize este efecto.

a) Revisión de contidos e adquisición e avaliación de competencias: Nas reunións de coordinación de curso revísanse habitualmente os contidos das materias para evitar duplicidades e solapamentos, analízase o cumprimento dos obxectivos e adquisición de competencias incluídos nas guías docentes para cada unha das materias e avalíase o rendemento académico alcanzado polos estudantes. Con respecto ao cumprimento de obxectivos, os coordinadores de curso sinalaron, como en cursos anteriores, a ausencia de incidencias significativas tanto no cumprimento de obxectivos por parte dos equipos docentes como na adquisición de competencias específicas por parte dos alumnos. A diversidade de metodoloxías de aprendizaxe empregadas nas guías docentes do Grao en Química (clases maxistras, clases de seminario, titorías, clases de laboratorio, realización de traballos e proxectos,...) permite a adquisición adecuada de todas as competencias e ademais o amplo número de procedementos de avaliación empregados nas distintas materias (probas escritas curtas, probas escritas longas, probas semanais en seminarios, cuestionarios auto avaliáveis, preparación e presentación de traballos, traballo experimental no laboratorio, preparación e elaboración de memorias de laboratorio,...) proporciona información suficiente para a avaliación conxunta de competencias específicas e transversais. Considérase preciso prestar especial atención aos cursos nos que se acaba de implantar o novo plano de estudos e analizar os posibles efectos dos cambios introducidos pola pandemia nos métodos docentes.

- b) Análise do rendemento académico: Outro dos aspectos máis importantes das reunións de coordinación é a análise dos resultados académicos das materias que compoñen cada cuadrimestre. Así, analízanse as taxas de resultados e as cualificacións de cada materia e faise especial fincapé naquelas con peores resultados. Ademais, coa información que proporciona o profesorado, tamén se analiza o rendemento dos estudantes considerando o número de materias que superou cada un. Xeralmente, na última reunión de coordinación de xullo ou na primeira do seguinte curso académico, leva a cabo unha valoración global do curso incluíndose os resultados académicos de ambos os cuadrimestres. As conclusións desta análise xunto cos datos empregados empréganse para elaborar os Informes de Resultados Académicos e Cualificacións de Materias que se inclúen no Informe de Revisión pola Dirección.

3.1.2. Reunións da coordinadora de Grado cos coordinadores de curso:

A coordinadora de Grao e os coordinadores de curso constitúen a Comisión do Traballo Fin de Grao, polo que tras a celebración formal das reunións da comisión de TFG, a coordinadora do Grao e os coordinadores de curso aproveitaron as reunións para manter de forma habitual un contacto permanente e sostido e intercambiar información sobre o seguimento do curso. O obxectivo destas reunións foi poñer en común a información recollida nas reunións de coordinación de cada curso, transmitir ós coordinadores de curso as incidencias ou queixas relevantes postas de manifesto no PAT, analizar de forma conxunta os resultados académicos do Grao en Química e establecer os procedementos para elaborar e revisar as Guías Docentes das materias do Grao. É nestas reunións nas que se estableceron algunhas das reflexións e conclusións indicadas neste informe, así como algunhas das accións adicionais de coordinación que se detallarán máis adiante.

3.1.3. Reunións de coordinación de materia:

Neste apartado englobábase un tipo de reunións que se producen de forma moi habitual ao longo do curso académico. Trátase das reunións que mantiveron os coordinadores das materias co profesorado implicado na mesma, tanto cando a materia foi impartida por unha só área de coñecemento como cando se tratou dunha materia multiárea. Este último é o caso, por exemplo, dos Laboratorios de Química de primeiro curso, Determinación Estrutural ou Química de Materiais. Nestas reunións o profesorado implicado na docencia dunha materia organiza a distribución da docencia teórica e práctica entre os profesores implicados, establécense as distintas metodoloxías docentes e procedementos de avaliación e elabóranse as guías docente para o curso seguinte. Por último, o coordinador de cada materia é o encargado de asistir ás reunións de coordinación de curso e transmitir ao coordinador de curso calquera incidencia que altere de forma significativa a planificación do curso, así como de recibir a información, queixas ou incidencias que se recollan desde o PAT ou a través do equipo decanal que poida ser de interese para mellorar a planificación

e desenvolvemento da materia que coordina.

3.1.4. Reunións do Plan de Acción Titorial (PAT)

O PAT é unha ferramenta de gran interese xa que permite a coordinadora de Grao e os coordinadores de curso obter habitualmente información dos estudantes. Neste sentido, debe destacarse que os problemas e/o queixas manifestados polos estudantes aos seus titores foron sempre transmitidas desde a coordinación do Grao e do PAT aos coordinadores de curso e/o, mediante reunións individualizadas, aos profesores das materias respectivas. En próximos cursos, seguirase insistindo nesta vía que cremos adecuada para recoller información dos estudantes.

Como se indica tamén no informe final do PAT, o curso 2021/2022 desenvolveuse de novo o programa MEET-UVigo mediante o que un grupo de mentores-alumnos de cursos superiores acompañaron aos estudantes de novo ingreso. Tamén a través deste programa recolleuse información sobre o desenvolvemento da docencia que foi empregada nas reunións de coordinación de curso e tido en conta para elaborar a programación académica do próximo curso.

3.1.5. Reunións da Comisión do Traballo Fin de Grao

A normativa de Traballo Fin de Grao da Facultade de Química establece a existencia dunha comisión de Traballo Fin de Grao, integrada pola coordinadora do Grao en Química e os coordinadores dos catro cursos, que se encarga da organización de todo o proceso dos TFG. Durante o curso 2021/2022, esta Comisión celebrou diversas reunións nas que se revisaron e aprobaron as ofertas de TFG, establecéronse as condicións que teñen que cumprir as memorias elaboradas polos estudantes, asignáronse os estudantes aos tribunais de avaliación e fixéronse os criterios de actuación e avaliación de competencias para os tribunais de avaliación dos TFG. A páxina web da Facultade de Química ten un espazo destinado ao TFG, onde se da conta dos diferentes procesos e acordos desta comisión. Ademais, dispónse de espazo MOOVI do TFG no cal se proporciona información de interese, tal coma documentación, normas e calendarios.

3.1.6. Reunións co alumnado:

Indicar que a porta da coordinadora de Grao sempre está aberta para as dúbidas e problemas que se atope o alumnado. Debe terse en conta que estamos nun proceso de implantación dun novo plan de estudos, o que xera moitas dúbidas e inquiredanzas entre os estudantes. Cabe indicar que durante o curso 2021/2022 se mantiveron distintas reunións con alumnado dos últimos cursos do Grao para resolver dúbidas asociadas ó TFG, ás prácticas externas e ás materias de cuarto curso a impartir por vez primeira no curso 2022/2023.

3.2. Outras accións de coordinación desenvolvidas

A semellanza de cursos anteriores, durante o curso 2021/2022 continuáronse levando a cabo accións adicionais para contribuír a mellorar a coordinación do Grao en Química nos aspectos que se indican a continuación:

3.2.1. Organización académica

A primeira semana de setembro, unha vez coñecida a matrícula no Grao en Química, e antes do comezo de segundo cuadrimestre, procedeuse a establecer os grupos de seminario e laboratorio de todos os cursos. Todos os grupos configuráronse de forma homoxénea, buscando que o número de estudantes en cada un dos grupos de cada unha das materias fose similar. Unha vez conformados os grupos, establecéronse, para ambos os cuadrimestres, períodos de solicitudes de cambio de grupo e as solicitudes presentadas foron resoltas no ámbito da Comisión de Docencia da Facultade de Química, onde se consideraron de forma personalizada os casos de alumnos con materias pendentes para que puidesen compatibilizar a docencia de varios cursos. Tanto os profesores como os estudantes tiveron sempre dispoñible na web da Facultade de Química a información do proceso de asignación de grupo.

3.2.2. Revisión das Guías Docentes

Seguindo as indicacións da área de Calidade da Universidade de Vigo e co obxectivo de evitar discrepancias entre as guías docentes con respecto ás fichas das materias incluídas na Memoria de Verificación do Grao en Química, realizouse desde a coordinación do Grao unha revisión detallada das guías docentes, con especial énfase na correcta inclusión das distintas competencias e resultados de aprendizaxe do título. Remitiuse para iso ao profesorado a información proporcionada pola área de Calidade, así como instrucións detalladas do procedemento de revisión na plataforma DOCNET na que se introducen as guías docentes. Unha vez elaboradas e revisadas, cando se considerou conveniente, solicitouse do profesorado unha revisión adicional daqueles apartados que non estaban correctamente cumprimentados. Tras a conclusión do proceso de elaboración e/o revisión das guías docentes comprobouse a total coincidencia entre as guías docentes incluídas na plataforma DOCNET e a memoria do título. Este proceso levouse a cabo de forma especialmente rigorosa para as guías das materias do terceiro curso do novo plan de estudos, facendo ademais especial énfase en homoxeneizar a denominación das actividades académicas e das probas de avaliación. Por último, debe destacarse que como consecuencia do esforzo realizado polo profesorado dispónse das guías docentes de todas as materias en tres idiomas, os dous cooficiais da Universidade de Vigo (galego e castelán) e inglés. Ademais, animouse a todo o profesorado a incluír as súas materias no programa English Friendly que se considera que pode atraer a alumnos Erasmus a escoller a nosa Facultade.

Indicar que nas guías docentes, dada a situación sanitaria, foi necesario incluír un apartado adicional: Plan de continxencias, onde se indica como se adaptarían as metodoloxías docentes e avaliacións no caso dun escenario total ou parcialmente virtual.

3.2.3. Recollida de información sobre as datas de revisión de exames:

Durante o curso 2021/2022 empregouse o procedemento centralizado mediante o cal o profesorado debe facer públicos os horarios de revisión das cualificacións finais das materias en cada un dos cuatrimestres. Para iso o profesorado ten que cubrir un pequeno cuestionario virtual, de forma que a información de horarios de revisión incorpórase inmediatamente na páxina web da Facultade.

3.2.4. Charlas informativas sobre o Tráballo Fin de Grao:

No mes de xullo do 2022 organizáronse dúas sesións de charlas breves (5-10 minutos) nas que o profesorado que imparte docencia no Grao en Química puido dar a coñecer aos estudantes de cuarto curso as súas ofertas de TFGs. Con este procedemento proporciónase información aos estudantes da materia sobre os posibles temas nos que poden realizar os seus TFGs e permítense ao profesorado presentar as súas ofertas de TFG aos estudantes de cuarto curso, xa que non todo o profesorado tivo a ocasión de impartir docencia a todos os alumnos que chegan a cuarto curso. Considérase que este procedemento funciona satisfactoriamente xa que, como consecuencia do mesmo, o número de propostas de TFG presentadas polos estudantes co aval de profesores crece cada ano académico e permite que a maioría dos estudantes realicen os seus TFGs en temas máis afíns ás súas preferencias.

No apartado da materia TFG na web da Facultade de Química infórmase sobre distintos aspectos burocráticos, dos procedementos de solicitude e asignación dos TFGs e de solicitude de presentación e defensa. Os estudantes e profesores saben que poden en calquera momento solicitar información ou axuda á coordinadora de TFG.

3.2.5. Charlas informativas sobre as Materias Optativas de Cuarto de Grao:

O curso 2022/23 será o primeiro curso no que o alumnado poda coller materias de cuarto do novo plan de estudos. Isto implica que os estudantes teñan dúbidas sobre as materias que se van a impartir e como obter o final do grao unha determinada mención. Para facilitálo proceso o equipo decanal organizou unha reunión ó final do curso co alumnado de terceiro.

3.2.6. Coordinación de prácticas externas:

A principios do curso académico, durante as reunións de presentación do PAT para os estudantes de terceiro e cuarto curso incluídas no seu cronograma, as coordinadoras de prácticas informaron aos estudantes sobre o procedemento para realizar prácticas curriculares e extra curriculares en empresas e/o centros de investigación. Ademais, ao longo do curso, a coordinación mantivo varias reunións con alumnos interesados, nas que recibiron máis asesoramento sobre o procedemento e a documentación necesaria e nas que se lles asignou un titor académico. Por último, a coordinación de prácticas mantivo un contacto constante cos titores designados para informarlles sobre as súas funcións, resolver as súas dúbidas e colaborar na preparación da documentación que deben cumprimentar

IV. CONCLUSIONES

As principais conclusións deste informe son:

- Considérase que as accións de coordinación permitiron que o curso 2021/2022 se desenvolvera de acordo coa planificación prevista. Esta coordinación permitiu resolver as incidencias ou queixas que se produciron durante o curso. Ademais, as accións de coordinación tamén contribuíron á planificación do próximo curso.
- Dado que está en curso a introdución do novo plan de estudos, consideramos complexa a comparación do rendemento académico con outros cursos. Tamén debemos ter en conta as deficiencias formativas que se poden relacionar co período da pandemia.
- Seguimos a insistir no importante que consideramos que é a coordinación entre as diferentes materias dun mesmo curso para harmonizar a carga de traballo que deben realizar os estudantes. Por elo avogamos polo emprego continuado dos espazos de coordinación dos cursos na plataforma MOOVI para que todo o profesorado indique a súa planificación de entregas ou probas.
- Consideramos que a implantación do novo plan de estudos estase a levar a cabo sen máis problemas dos esperados. Pero elo non implica que non teñamos que seguir ben atentos ó proceso.

En resumo, pode considerarse que as accións de coordinación son adecuadas e garanten que os estudantes do Grao en Química alcancen os obxectivos do título, así como a adquisición das competencias.

Data:

Firma: